INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-b2d9-a30f-5dee-88ca-2b92-ab00-6596-fdeb | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

Edificio Exeria
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 8 13590
sreitoria@uvigo.gal
www.uvigo.gal

RESOLUCIÓN REITORAL DE 28 DE OUTUBRO POLA QUE SE NOMEA O NOVO RESPONSABLE DO PLAN ANTIFRAUDE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Universidade de Vigo, mediante Resolución do Reitor do 10 de febreiro de 2022, aprobou o seu Plan de Medidas Antifraude, elaborado conforme ao previsto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, que configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). O Plan está dispoñible na páxina web institucional dedicada á loita contra a fraude, onde se recollen tamén as declaracións institucionais e os mecanismos asociados.

O artigo 6 da mencionada Orde establece a obrigatoriedade, para todas as entidades executoras ou responsables da implementación de medidas financiadas polo PRTR, de dispor dun Plan de Medidas Antifraude que inclúa unha estrutura organizativa axeitada e a designación das persoas responsables para asegurar a prevención, detección e corrección do fraude, corrupción e conflitos de intereses.

En consecuencia, e co obxectivo de garantir a correcta implementación, actualización e seguimento do Plan na Universidade de Vigo, resulta necesario proceder á designación dunha persoa responsable.

A persoa nomeada asumirá, cando menos, as seguintes funcións:

a) Avaliar as situacións que sexan subsumibles nalgún dos supostos cualificados como «bandeiras vermellas», e adoptar as medidas de corrección necesarias tras confirmarse que supoñen un risco de fraude.

b) Investigar, avaliar e cualificar os supostos de fraude como sistémica ou puntual.

c) Proporlles aos órganos competentes a adopción das medidas de corrección que resulten procedentes, en función da cualificación da fraude como sistémica ou puntual.

d) Propor a adopción de medidas de prevención e de detección adicionais ás xa previstas neste plan.

e) A investigación das denuncias que se presenten.

f) Proporlle á comisión de planificación e asuntos económicos do Consello de Goberno a actualización do sistema de indicadores ou bandeiras vermellas para detectar supostos de fraude ou corrupción na execución de proxectos financiados con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

CSV : GEN-b2d9-a30f-5dee-88ca-2b92-ab00-6596-fdeb
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 28/10/2026 12:23

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-b2d9-a30f-5dee-88ca-2b92-ab00-6596-fdeb | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro. Designar a D. Xosé Henrique Vázquez Vicente, que desempeña o posto de Vicerreitor de Estratexia, Gobernanza e Economía como persoa responsable do Plan de Medidas Antifraude da Universidade de Vigo, para todos os efectos relacionados coa xestión e execución de actuacións financiadas con cargo aos fondos do PRTR.

Segundo. A persoa designada exercerá as funcións definidas no Plan aprobado o 10 de febreiro de 2022 pola Universidade de Vigo, así como as derivadas da Orde HFP/1030/2021 e demais normativa aplicable ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Terceiro. A designación terá efectos dende a data de sinatura da presente resolución e comunicarase ás unidades e servizos afectados, así como aos órganos de control cando corresponda.

A presente resolución publicarase no taboleiro electrónico e no portal de transparencia da Universidade de Vigo, garantindo o cumprimento das obrigas de publicidade activa e a correcta acreditación fronte ás autoridades de control do PRTR.

Vigo, na data da sinatura electrónica.

A Reitora

María Carmen García Mateo

CSV : GEN-b2d9-a30f-5dee-88ca-2b92-ab00-6596-fdeb
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : MARIA CARMEN GARCÍA MATEO | FECHA : 28/10/2026 12:23